


A vivenda dos esquimós



Iglú

Os esquimós viven no ártico, unha das rexións máis frías da Terra.

Durante o inverno, que dura nove meses, as temperaturas están sempre por baixo de cero graos. Para sobrevivir nese clima é necesario construír casas moi cálidas nas que as persoas poidan protexerse do frío.

Para que as casas non deixen entrar o frío durante o inverno é necesario que estean illadas do vento. Os esquimós constrúenas parcialmente baixo terra para que estean mellor protexidas. As paredes son de madeira e están cubertas de terra e neve. Aínda con estas proteccións o frío podería entrar cada vez

que alguén abra a porta para entrar á casa. Por iso, ás casas éntrase por un túnel moi longo que está construído debaixo do nivel da casa, para non deixar escapar o aire quente do interior. O espazo do túnel aproveítase para almacenar carne conxelada e utensilios de cacería.

Dentro da casa, a calor mantense queimando aceite de foca e de balea. Este aceite quémase en lámpadas que ademais axudan a iluminar e serven para cociñar. Por iso nas casas dos esquimós hai unha temperatura agradable e a xente pode andar case espida. As pesadas roupas de inverno quedan gardadas no túnel. Toda a familia vive nun só cuarto e dorme xunta, nunha plataforma cuberta de peles de caribú e outros animais.

Con todo, durante o inverno é frecuente que os alimentos escaseen, e os homes deben viaxar para perseguir ás focas, caribúes e outros animais que serven de alimento aos esquimales. Cando as expedicións de caza duran moitos días, é necesario construír casas temporais. Como é imposible cargar a madeira das casas permanentes, os refuxios temporais deben construírse cun material que se atope en todos lados sen dificultades. Por iso fanse con neve. Estas casas de neve son moi famosas e todos coñecemos o seu nome: iglús.

Un iglú constrúese dun xeito moi parecido a unha casa de madeira. Primeiro hai que cavar unha fosa no piso. A fosa cóbrese con bloques de neve que se apilan como ladrillos ata formar unha cúpula, que se pecha cun último bloque. A neve é moi dura, pois está conxelada, e protexe do frío tan ben como a madeira. Por iso, aínda que o iglú estea feito de neve, no seu interior fai calor. A luz entra por un bloque de neve especial, moito máis delgado que os demais e transparente como un vidro. En estas casas ata a plataforma para durmir está feita de neve.

Cando chega o verán a temperatura elévanse e a neve derrítese. Neses meses cálidos os esquimós non necesitan casas tan abrigadoras e prefiren vivir en tendas feitas de pel, moi parecidas aos tipis dos indios das praderas, que poden armar e desarmar en moi pouco tempo, mentres seguen aos animais que cazan.

COMPRESIÓN DO TEXTO

1. Onde viven os esquimós?
2. Canto dura o inverno?
3. Que cómpre para que non deixar entrar o frío nas casas?
4. Como é a entrada das vivendas?
5. Que queiman para manter a calor dentro da vivenda?
6. Cantas salas ten a vivenda?
7. Como se chaman as vivendas temporais que contrúen cando saen de caza?
8. Por onde entra a luz nestas vivendas temporais?
9. Como son as vivendas do verán?